

Antropoloxía e museos. Mirando cara adiante *Anthropology and Museums. Looking forward*

Manuel Vilar Álvarez

(Instituto de Estudo das Identidades (IEI) – Museo do Pobo Galego /
mvilaral@gmail.com)

Data de recepción: 23/09/2025 – Data de aceptación: 10/11/2025

Resumo: Neste traballo falamos da relación da antropoloxía cos museos, especialmente cos museos etnolóxicos, e de como esta relación ten variado desde a presenza nun primeiro momento á ausencia a día de hoxe. Mantemos que a antropoloxía, como saber social do presente, é fundamental para comprender a sociedade actual, debendo estar nos museos etnolóxicos se estes queren ser museos do presente, para entender o mundo de hoxe e servir á sociedade.

Palabras chave: Antropoloxía, etnografía, museos etnolóxicos, sociedade.

Sumario: 1. A antropoloxía nos museos. 2. A antropoloxía fóra dos museos. 3. O futuro dos museos de etnoloxía. Referencias bibliográficas.

Abstract: In this paper we talk about the relationship between anthropology and museums, especially ethnological museums, and discuss how this relationship has changed from its presence in them at first to its absence today. We claim that anthropology, as social knowledge of the present, is essential to understand current society. Anthropology must be in ethnological museums if they want to be museums of the present, in order to understand today's world and be useful for society.

Keywords: Anthropology, ethnography, ethnological museums, society.

Contents: 1. Anthropology in museums. 2. Anthropology outside museums. 3. The future of ethnological museums. Bibliographic references.

1. A antropoloxía nos museos

A antropoloxía foi clave para conceptuar o que hoxe entendemos por patrimonio cultural e desprendelo das restricións impostas por un canon marcado pola beleza, a antigüidade ou a monumentalidade. Unha selección dos bens patrimoniais exhibese nos museos. Non obstante, e a día de hoxe, podemos dicir que hai un gran distanciamento entre os museos de etnoloxía e a antropoloxía como disciplina. Falamos de museos de etnoloxía ou antropoloxía, aínda que a terminoloxía máis usada popularmente, incluso academicamente, sexa a de museo de etnografía. Aquí entendemos a etnografía coma unha descrición dunha cultura e coma un método de investigación antropolóxica, non coma un contido (Pereiro / Prado Conde 2021: 43). Así, un museo de antropoloxía sería o que estea ideado desde a ciencia antropolóxica, «intentando explicar el funcionamiento de la cultura, acercar la comprensión de los mecanismos culturales y recapacitar sobre el hecho cultural en constante evolución» (Fernández de Paz 2015: 3).

Este distanciamento entre a institución museística e a antropoloxía afecta á actualización do discurso museolóxico destes museos, onde a representación das culturas non se fai desde unha museoloxía antropolóxica, afectando así o papel dos museos na sociedade. Dicimos isto porque nun determinado momento histórico os museos acolleron a antropólogos e antropólogas, polo que foi grazas aos museos onde a antropoloxía deu parte dos seus primeiros pasos para consolidarse como un saber social e os museos estaban abertos ás sociedades do seu tempo e, en certa medida, eran museos do seu presente, algo que hoxe non é exactamente así nalgunhas destas institucións. De feito, esta primeira etapa da antropoloxía (1840-1890) é chamada como «Período dos museos» (Stocking 1985). Esta denominación vén en relación a que eran os museos as principais institucións onde a antropoloxía podía desenvolver o seu traballo. Un caso paradigmático é o de Franz Boas, vinculado ao Museo de Historia Natural de Nova York (American Museum of Natural History). Neste museo o antropólogo non só se vai dedicar a dirixir a montaxe das exposicións, senón que fará traballo de campo para contextualizar os obxectos exhibidos. Neste asunto vai pesar a tradición intelectual xermánica, na que se formara, relacionada cos estudos de *Völkerkunde* que mantiña que os obxectos hai que estudalos no seu contexto e como parte dun todo. Isto ten outra lectura non menos importante: leva a antropoloxía a ter información de primeira man, a ter datos empíricos que permitan teorizar sobre unha base obxectiva. Así, por exemplo, Boas poderá criticar determinadas dinámicas racistas que, sen datos obxectivos, sostiñan que algunhas das diferenzas dadas entre os seres humanos (capacidade, comportamento, aparencia) tiñan unha base en categorías biolóxicas, cando para el era na cultura. Mais, discrepancias cos seus superiores no xeito de montar as exhibicións levaron a Boas a deixar o museo. Pero realmente o motivo puido moi ben ser outro, como que constatara que non se podía entender unha cultura desde a exhibición duns obxectos nunha sala dun museo (Jacknis 1995). Posteriormente, algún museólogo da museoloxía crítica, como Jacques Hainard

desde o Musée d'Ethnographie de Neuchâtel, tamén participou da idea de que é imposible entender unha sociedade e o seu presente desde só os obxectos expostos nun museo (Roigé 2007).

A relación da antropoloxía cos museos ten como consecuencia o nacemento nalgúns casos, noutros a consolidación, dos estudos antropolóxicos en determinados lugares. É o caso de Francia (Segalen 2001: 80), onde a antropoloxía que mira cara a dentro, a antropoloxía «at home», non a do imperio que tiña unha mirada distante, xorde con relación á creación do Musée des Monuments Français, orixe do Musée National des Arts et Traditions Populaires, museo que foi paradigmático dentro da museoloxía etnolóxica e que está pechado desde 2005 para dar paso ao máis espectacular e polémico de Quai Branly. Algo semellante pasa en Portugal, aínda que aquí hai outros matices que non imos tratar agora. Unha cátedra de Antropoloxía foi creada na Universidade de Coimbra (1885) en relación co museo de Historia Natural da propia Universidade (Dias 2001: 93). Noutros lugares dáse o caso de museos que abrollan ao carón dunha universidade. Por exemplo, o Peabody Museum of Archeology and Ethnology (1866), que nace baixo o paraugas da Universidade de Harvard; ou o museo de Skansen (1891), primeiro museo etnolóxico ao aire libre, que o fai ao carón do departamento de Etnoloxía da Universidade de Estocolmo. Pero, e máis alá destes casos, a relación entre museos e antropoloxía dáse igualmente noutros territorios, como nos de lingua xermánica e nos do leste de Europa, onde os estudos chamados de folclore ou etnoloxía estaban establecidos nas universidades, tendo estas unha «close relationship with ethnographic and with local museums» (Ó Giolláin 2000: 164). Estes museos chaman a atención sobre as propias culturas, non sobre as culturas que o imperialismo estaba entón incorporando por dominación e a antropoloxía axudaba a coñecer para seguren sendo dominadas. E a mirada sobre o contemporáneo nos museos norteamericanos estaba centrada nas culturas nativas americanas.

No caso galego unha das primeiras institucións centradas no que hoxe chamariamos antropoloxía, foi a sociedade El Folk-Lore Gallego, fundada en febreiro de 1884 e presidida pola escritora Emilia Pardo Bazán. Aínda que de curta vida tiñan entre os obxectivos establecer un «museo-biblioteca» nun local cedido pola Deputación de A Coruña (García Plata 2024: 239). A idea de museo en paralelo a unha Sociedade de Folk-Lore fora proposta e defendida por Antonio Machado y Álvarez, introdutor do concepto de «folclore» no Estado español e fundador e animador da Sociedad El Folk-Lore Español en 1881, entidade baixo cuxo paraugas estaba El Folk-Lore Gallego.

Franz Boas deixaría o museo en 1905 camiño da Universidade de Columbia para crear o seu departamento de Antropoloxía, onde puxo as bases dunha antropoloxía de amplos obxectivos para poder intentar realizar un estudo máis completo da sociedade humana. Aquí está unha das premisas da antropoloxía actual: entender a sociedade do presente achegando un coñecemento que poida axudar a ter unha vida con mellor calidade. Hai que dicir que desde a antropoloxía somos conscientes de que o coñecemento antropolóxico non vai resolver os

problemas da sociedade actual, mais, cando menos, si axudar a entender mellor o que está pasando e, así, poder axudar a mellorar. Ou, e como di o antropólogo Tim Ingold (2018: 14) «Anthropology matters [...] precisely because of its potential to educate, and through this education, to transform lives», tanto a vida do antropólogo ou antropóloga como a da xente coa que se traballa. Esta idea pode ser aplicada aos museos de etnoloxía por medio dunha museoloxía antropolóxica que sirva para educar en valores, como respecto e igualdade.

O paso dado por Franz Boas foi importante para o devir da relación entre os museos e a antropoloxía. Así, andado o século XX a antropoloxía foi deixando os museos e esquecendo o estudo dos obxectos da vida cotiá, a cultura material, para centrarse en temas máis relacionados coa estrutura social, co parentesco ou co mundo simbólico, e irse asentando nas universidades para consolidarse como unha disciplina académica. Ao tempo, foron collendo peso como referentes deste saber social antropólogos vinculados a universidades que non tiñan unha relación directa cun museo, levando o estudo da cultura material ao esquecemento. Como tamén ten influído a crise económica tras o crac de 1929 e a gran depresión, cuxa consecuencia vai ser a diminución dos orzamentos dos museos, algo que afectará drasticamente aos proxectos de investigación saídos dos museos. O estudo da cultura material deixóuselles aos folcloristas e estudosos locais, considerado como algo menor e menos prestixioso.

No caso do estado español ese asentarse academicamente da antropoloxía non chegaría até ben entrada a segunda metade do século XX, deixada atrás a sombra da ditadura franquista, e farao de xeito débil e moi diferente a como era a situación noutros países, especialmente nos anglosaxóns. A institucionalización da antropoloxía foi tardía e feble e sen diálogo coa tradición folclórica. E, neste sentido, Galicia non é unha excepción.

Mais hoxe en día a antropoloxía non é só un saber estritamente académico, pois hai antropólogos e antropólogas exercendo a súa profesión fóra deses muros. Os campos en que se exerce o traballo antropolóxico son diversos e variados, como diversa, variada e complexa é a sociedade en que vivimos. Mais, non hai, e se a hai é mínima ou insignificante, unha presenza de antropólogos e antropólogas nos museos, nin sequera nos etnolóxicos. No caso galego esta presenza na academia foi tradicionalmente «o principal reduto de uma antropología profesional com muito pouco espaço e visibilidade sociais fora da academia» (Pereiro 2001: 175).

Poren, e no caso galego, temos a experiencia do Seminario de Estudos Galegos (SEG), onde os etnólogos, coma Xaquín Lorenzo, traballaron para crear un museo, un «Museo galego», idea que flotaba no ambiente intelectual desde finais do século XIX. Neste sentido o SEG levou a cabo unha «recolleita de obxectos de factura popular con vistas á organización dun Museo de Etnografía» (Lorenzo Fernández 1978: 52). Na «Comisión Organizadora do Museo», creada en novembro de 1930, estaban, entre outros Vicente Risco, Filgueira Valverde ou Castelao. En outubro de 1932 nomean a dous conservadores: Xaquín Lorenzo Fernández e Xesús Carro. Este será nomeado director ao ano seguinte (Mato 2001: 107). Xesús Carro será a figura

clave na salvagarda de parte dos seus fondos tras o levantamento militar de 1936 que acabou co SEG e co seu Museo (Vilar Álvarez 2004: 55-56). Mais, outros etnólogos, etnógrafos na terminoloxía usada pola xente do SEG, colaboraron con esta iniciativa museística facendo traballo de campo. Algúns deles volverán colaborar corenta anos despois noutra iniciativa que agroma desde a sociedade civil seguindo a sombra do vello Seminario, a do Museo do Pobo Galego. Aí estarán Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas ou Ramón Martínez López. Noutros casos os etnólogos colaboraban ou estaban en museos coma o Provincial de Pontevedra e o de Lugo, o Arqueolóxico de Ourense ou o Etnolóxico de Ribadavia. Nos provinciais había unha sección de etnografía, como unha sección secundaria, mais pódese dicir que nos museos «a etnografía medra polo traballo de campo dos seus colaboradores» (Sierra Rodríguez 2019: 204). E, entre estes colaboradores, podemos citar a Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Xaquín Lorenzo, Luciano García Alén, X. M. González Reboredo, Clodio González Pérez etc.

Temos na breve experiencia do Seminario de Estudos Galegos unha relación clara entre antropoloxía, aínda que a terminoloxía usada entón fose a de etnografía, e museo. Os «etnógrafos» do SEG estudaban a sociedade do seu tempo, aínda que buscasen as raíces no pasado, e as «recolleitas» de pezas para formar unha colección con vistas a formar un museo, moitas foron recollidas nas «xeiras» que organizaban desde o SEG por diferentes comarcas do país (Terra de Melide, O Deza, Fisterra), e eran, entre outras, pezas en uso polos seus contemporáneos, pezas para mostrar como era a vida desas xentes que as viñan utilizando. Hoxe, nos museos etnolóxicos os fondos son case sempre arqueolóxicos, ferramentas que xa non teñen uso. Entendían desde o SEG que ese patrimonio, que hoxe chamamos etnolóxico, era o que mellor definía unha identidade galega.

2. A antropoloxía fóra dos museos

Temos a xente que fai antropoloxía fóra dos museos e non interesada no estudo da cultura material, resultando esta, segundo Bouquet (2001: 3), tabú nos círculos de estudantes, polo que as coleccións etnográficas raramente serán usadas desde a antropoloxía. Así, deixóuselle o camiño aberto, no caso das comunidades campeñas, á xente da Historia e, tamén, da Xeografía. É o caso de Francia, onde o papel da escola dos *Annales* será determinante nesa mirada cara ao mundo rural.

No caso galego temos unha obra clásica e pioneira, cal é *Etnografía. Cultura material*, da autoría de Xaquín Lorenzo. Esta obra forma parte como volume segundo da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo e publicada en 1962 en Bos Aires, grazas á axuda e empeño da comunidade galega emigrada e exiliada alí. Unha obra básica e clave para coñecer o xeito de habitar e os traballos agrarios, mariñeiros e artesanais a través das ferramentas usadas polas xentes no seu quefacer diario. Unha sistematización dos útiles de traballo e dos medios de vida nun momento en que o cambio empezaba a ser unha realidade coa entrada da

maquinaria no agro despois do parón tras a Guerra Civil e os chamados «anos da fame». Mais a obra de Xaquín Lorenzo non tivo continuidade no sentido de abrir camiño a novos estudos sobre a cultura material. Unha excepción pode estar nas achegas que a Historia agraria faría cara a finais do século pasado. Non obstante, o inxente traballo de Xaquín Lorenzo foi clave no desenvolvemento dos museos etnolóxicos. Seguindo o modelo museolóxico do Museo do Pobo Galego, onde o discurso do etnólogo de Lobeira é claro nas primeiras salas, foron aparecendo varios pequenos museos locais que seguiron esta obra para marcar qué pezas seleccionar ou como articular o discurso expositivo (Vilar Álvarez 2023: 6). A copia reiterada deste modelo, e sen afondar nos contextos locais, levouno ao esgotamento por cansazo e reiteración. Ademais, normalizaron que os museos etnolóxicos son lugares onde van parar as cousas que xa non se usan e a onde a xente vai para ver obxectos que quedaron obsoletos polo avance industrial, especialmente obxectos procedentes do mundo rural. «Eso tamén o había na miña casa», ou «había un ighualiño na casa dos meus avós». Son frases que temos escoitado a persoas visitantes en diferentes museos «etnográficos» e que reducen a imaxe do museo a un almacén de obxectos expostos que transmiten unha identidade esencialista do «outro» (Pereiro / Vilar 2008: 102).

Pese ao dito hai que recoñecer que estes museos «etnográficos» locais valeron para a recuperación dun patrimonio e de memorias sociais asociadas, así que podemos dicir que «desempeñaron un papel moi relevante na preservación e exhibición das tradicións culturais e da vida cotiá das comunidades rurais galegas» (CCG 2025: 10).

3. O futuro dos museos de etnoloxía

A definición de museo é algo que está en continua construción, algo que tamén nos fala do cambio e funcións dos museos na sociedade ao longo da historia para adaptarse ás necesidades da sociedade do seu tempo. Os museos non son, aínda que algúns poidan parecelo, entidades estáticas, fixas ou ancoradas no tempo. Os museos mostraron gran capacidade de adaptación en tempos de crise, como se puido comprobar coa pandemia da covid-19 ao lograren algúns seguir en contacto coa sociedade e, despois, volver abrir as portas para entraren os públicos. No seu camiñar pasaron de seren coleccións privadas para o goce e deleite duns poucos privilexiados a seren institución ao servizo da sociedade e para educar a cidadanía, algo que dá comezo coa revolución francesa; pasaron de gardar e coleccionar a seren entes «accesibles e inclusivos» que fomentan a «diversidade e a sustentabilidade» e coa «participación das comunidades», como di a nova definición aprobada polo Consello Internacional de Museos (ICOM) na Asemblea extraordinaria de 2022 (ICOM 2022: 12) e que podemos considerar como estándar.

Esta definición non implica que os museos teñan que deixar de lado as funcións tradicionais, senón que deben ou teñen que adaptarse ás mudanzas sociais

e tecnolóxicas que se veñen dando neste século XXI, mudanzas que son constantes e veloces. Entre estas mudanzas podemos sinalar que hai públicos que non se conforman con ir a un museo só a ver uns obxectos. Son cambios que os museos, se queren servir á comunidade e seren útiles a esta, teñen que atender; como teñen que ser participativos, deixando entrar as voces diversas da sociedade e situando os públicos no centro dos seus intereses, traballando coa sociedade e non para a sociedade. É dicir, os museos teñen que afondar no seu labor social e no achegamento aos públicos, sendo axentes para mellorar o benestar e a calidade de vida da cidadanía, fomentar as relacións sociais e a confianza. Isto traerá empoderamento e autoestima que, especialmente nos etnolóxicos, será tamén unha estima colectiva, de comunidade.

É a antropoloxía, como saber social, a que contempla o estudo da humanidade en todas as súas vertentes, a que ten unha ollada ampla, poliédrica e un método de traballo comprobado como axeitado, o traballo de campo etnográfico, un método que algúns autores cualificaron como dun tipo pouco común, posto que traballa cunha ampla gama de fontes de información, que traballa coa xente e aprende das súas experiencias vitais. Unha práctica baseada principalmente na xenerosidade das persoas informantes. Por isto hai quen di que a etnografía é a forma básica de investigación social (Hammersley / Atkinson 1994: 15).

O obxecto da antropoloxía abrangue na actualidade un amplo espectro de temas e de prácticas culturais, variedades necesarias para coñecer e entender o diverso mundo de hoxe, como as desigualdades (social, de clase, económica, de xénero, educativa, legal, de idade...), os desprazamentos/deslocalizacións, a complexidade das identidades, as novas realidades etc.

Nos museos de etnoloxía o contido principal ten que estar centrado nas persoas en sociedade, no patrimonio material e inmaterial. Baixo esta premisa de amplitude do obxectivo a denominación apropiada debía ser a de museo de antropoloxía. E estes museos traballan co patrimonio cultural, un concepto que aparece na segunda metade do século pasado e que vai redefinir o de folclore, cultura tradicional e cultura popular. Entendemos o patrimonio cultural como unha representación simbólica das identidades dos grupos humanos, que poden crear solidariedades como conflitos. O concepto patrimonio cultural leva a centrar o foco de atención non nos obxectos en si, senón no grupo social que definiu eses obxectos como patrimonio cultural con relación a unha memoria social.

Igualmente, a presenza da antropoloxía nestes museos valería para apreciar o coñecemento local, que é o que estrutura o noso mundo. Este aprecio e recoñecemento ten que vir desde a axuda dos estudos antropolóxicos, pois é este saber o que posibilita escoitar e facer valer os puntos de vista menos escoitados, mais non por iso menos lexítimos (Bensa 2015: 61). E se queremos levar a antropoloxía aos museos etnolóxicos, será para traballar neste sentido, de estar coa sociedade. Entón, teríamos que entender os museos como espazos de encontro e diálogo, espazos de intervención, de interpretación da contorna social en que están situados. Os museos etnolóxicos teñen que estar na sociedade do presente,

teñen que buscar o engarce nela, cun discurso e un programa de accións que respondan ás necesidades e inquiredanzas que a sociedade ten no momento presente, con políticas públicas.

Tradicionalmente véñse definindo e clasificando un museo polas súas coleccións, mais estas teñen que estar ao servizo dos intereses da cidadanía e eses intereses varían cos cambios que as sociedades van tendo historicamente. E a estes cambios debe estar atenta a antropoloxía, sempre aberta a calquera tema que teña que ver coa cultura como expresión social, atenta e aberta aos problemas do noso mundo complexo e tratar de entender as lóxicas que temos na contemporaneidade. Os fondos dun museo son importantes, porque importan para responder a cuestións, ideas, que agromen do seu coñecemento e investigación e da capacidade técnica do equipo para elaborala e transmitila desde un programa e obxectivos museolóxicos (Sierra Rodríguez 2014: 110). Non estamos negando aquí o papel característico das entidades museísticas, como é a experiencia ante a autenticidade dos obxectos, en tempos en que a distinción entre ficción e realidade é difícil ás veces de diferenciar. Entón, podemos falar dos museos como espazos de emoción. Mais, o importante é poder explicar unha cultura, non exhibir unha peza.

Se pretendemos que os museos sexan institucións válidas na sociedade actual, e entendemos que a antropoloxía é un saber apropiado para tratar de comprendermos o mundo de hoxe, a pregunta é: por que non hai antropólogos e antropólogas traballando nos museos? Se non é así poderán seguir sendo como gabinetes de curiosidades, onde non se escoita o discurso local e os obxectos estarán en silencio e no limbo da intemporalidade. Ademais, séguese entendendo que o «etnográfico» é o mundo rural preindustrial e non somos unha sociedade onde o rural ten no presente un peso determinante nas nosas vidas como seres sociais, alén do simbólico. Hoxe os referentes non son a aldea, a parroquia, o rural, o país. Son globais, transnacionais, glococais, complexos, multiculturais, pois temos escolas unitarias en concellos de contornas urbanas onde é máis numerosa a rapazada de procedencia foránea que a nativa. Están estes museos representando as migracións e os desprazamentos? Como podíamos tratar o despoboamento ou o avellentamento e outros temas presentes na nosa sociedade actual? Pois ben, os museos teñen que seguir representando a vida da xente en sociedade e as diversas formas de convivencia. Entón, temos que seguir mostrando obxectos que falen só do pasado, que xeren nostalxia do vello, do pasado e do que xa non temos? Podemos preguntármonos se é útil a exposición permanente concibida cos criterios daquela tradición etnográfica, ou temos que ir a outro tipo de exposición que trate diversos temas, temas actuais e desde diversos puntos de vista buscando novas linguaxes.

Actualmente non podemos entender o patrimonio etnolóxico como algo só relacionado co tradicional, como algo estático, senón como algo en construción e en construción social, algo vivo e multivocal. Dinamismo e cambio. Como algo con necesidade dun enfoque holístico e dun coñecemento multidisciplinar. E, a tradición non é algo permanente e ríxido, senón que é un proceso de invención e reinvencción cultural, algo dinámico.

Entendemos que os museos etnolóxicos deben ser museos do presente, atendendo as necesidades e intereses da xente de hoxe, dándolles referentes que axuden na construción das súas identidades, referentes con base nun patrimonio cultural que ten que ser compartido e lido de maneira plural. Os museos, como outras entidades relacionadas co patrimonio cultural, non poden estar á marxe das transformacións sociais, así como das ambientais. Como coa antropoloxía, hai que procurar dar argumentos para entender determinadas situacións e conflitos. Como na antropoloxía, teñen que estar en continua construción para seren explicitamente relevantes e útiles á sociedade en que vivimos.

Se os museos seguen o camiño andado até agora, iranse apartando cada vez máis de capas da sociedade, como xa vemos que está pasando coa xente moza que, segundo as estatísticas non van aos museos porque se aburren ou porque non encontran atractiva a súa oferta (CCG 2025: 85). Debemos responder a preguntas como *Why Museums Make My Sad?*, que tamén é o título dun libro xa clásico na bibliografía museolóxica. Os museos de etnoloxía deben ser un reflexo da sociedade, alimentados pola antropoloxía, porque o sentido desta, da antropoloxía, «es siempre el sentido social» (Augé 1995: 22). Mais, se a antropoloxía ten entre nós pouca visibilidade social, pouco poderá achegar aos museos sobre identidades e alteridades, necesarias ambas para sermos seres humanos. Igualmente se a antropoloxía non actualiza o seu discurso ao mundo de hoxe e segue mantendo un discurso na tradición da etnografía clásica, ruralista, pouco poderá facer máis alá do nostálxico.

A pandemia da covid-19 que tivemos en 2020 agudizou a necesidade de usar as novas ferramentas tecnolóxicas, así como idear o seu papel, intentando chegar á sociedade e que esta vira nos museos un punto de apoio. Nalgúns museos galegos xa se deron algúns pasos, tanto na dixitalización como na programación cara a unha actividade máis social e aberta. Mais, queda moito camiño por andar, camiño para o que hai dispoñibles poucos medios para andalo con certa comodidade e axilidade.

Segundo os datos do Informe elaborado polo Consello da Cultura Galega (2025: 29) sobre os museos galegos, os museos «de carácter etnográfico e antropológico» son os máis numerosos e constitúen un 22% dun total de 82 museos ou coleccións museográficas existentes en Galicia, son cifras do ano 2022. Hai, se atendemos ás proporcións, unha presenza importante deste tipo de museos, tanto en Galicia, dezaoito, coma no Estado español. Por outro lado, esta primeira posición en número baixa un chanzo se falamos dos fondos inventariados. Mais, que entendemos por fondos «etnográficos»? Son só materiais que xa non teñen uso? Ou é que as ferramentas que utilizamos no día a día das nosas vidas non falan ou informan de como somos, non representan unha cultura? Neste aspecto os museos tamén teñen que reflexionar e reposicionarse, chegando incluso a cuestionar a natureza mesma do museo.

No documento de traballo sobre a situación museística en Galicia (CCG 2025: 107) dise que a percepción xeral, das persoas expertas entrevistadas, «é que a evolución do sector está marcada por unha grande incerteza, influída en gran

medida pola dinámica da sociedade actual, onde o interese por estas instalacións parece estar ligado case exclusivamente ao turismo e á novidade das exposicións temporais». Cando o papel dos museos etnolóxicos non é o de seren só recursos turísticos. Seguindo este camiño os museos etnolóxicos serán só «lugares arqueolóxicos reificados en sus limitaciones y contradicciones» (Sierra Rodríguez 2015: 25). Os museos investigan, conservan e presentan unha selección de bens patrimoniais, e fano para axudar a comprender o sentido que cada colectivo ou capa social lle dá ao seu patrimonio cultural. Pero tamén teñen que ser espazos amigables, que levanten o interese de todas as persoas visitantes, de todas as capas de idade da sociedade, incluída a mocidade, accesibles e, en xeral, mellorar o impacto na comunidade onde se asenta, sendo un museo vivo e aberto. Neste sentido a conservación e a interpretación dos bens culturais desde o museo ten que servir para propoñer reflexións universais desde os obxectos da nosa cultura, primando as accións de colaboración e accesibilidade. Só así poderán ser relevantes e útiles á comunidade en que se asentan. Só así poderán falar de nós mesmos.

Os museos, coma a antropoloxía e outros saberes sociais, son proxectos en continua construción para adaptarse a cada tempo social e seren útiles socialmente, estaren ao servizo da sociedade.

Referencias bibliográficas

- Augé, Marc (1995): *Hacia una antropología de los mundos contemporáneos*. Barcelona: Editorial Gedisa.
- Bensa, Alban (2015): *Después de Lévi-Strauss. Por una antropología de escala humana*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Bouquet, Mary (2001): «Introduction: Academic Anthropology and the Museum. Back to the Future», en M. Bouquet (ed.), *Academic Anthropology and the Museum. Back to the Future*. Oxford: Berghahn Books, 1-16.
- Consello da Cultura Galega (2025): *Análise da situación dos museos e outros centros museísticos en Galicia*. Santiago de Compostela. DOI: <http://dx.doi.org/10.17075/asmocmg.2025>
- Dias, Nélia (2001): «‘Does anthropologist need museums?’ Teaching ethnographic museology in Portugal. Thirty years later», en M. Bouquet (ed.), *Academic Anthropology and the Museum. Back to the Future*. Oxford: Berghahn Books, 92-104.
- Fernández de Paz, E. (2015): «Museos de Antropología. Antropología en los museos», *Revista Andaluza de Antropología* 9, 1-15. DOI: <http://dx.doi.org/10.12795/RAA.2015.i09.01>
- García Plata, Mercedes (2024): *Antonio Machado y Álvarez y el folklore. Trayectoria de un demógrafo*. Madrid: Marcial Pons.

- Hammersley, Martyn / Paul Atkinson (1994): *Etnografía. Métodos de investigación*. Barcelona: Paidós.
- Ingold, Tim (2018): *Anthropology. Why it matters*. Cambridge: Polity Press.
- International Council of Museums (ICOM) (2022): *Informe final del Comité Permanente para la Definición de Museo, ICOM Define*. En icom.museum/ES_EGA2022_MuseumDefinition_WDoc_Final-2 [consultado o 03/09/2025].
- Jacknis, Ira (1995): «Franz Boas and Exhibits: On the Limitations of the Museum Method of Anthropology», en G. Stocking (ed.), *Objects and Others. Essays on Museums and Material Culture*. Madison: University of Wisconsin Press, 75-111.
- Lorenzo Fernández, Xaquín (1978): «A Seición de Etnografía no Seminario de Estudos Galegos», en *Testemuños e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro, 47-52.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edicións do Castro.
- Ó Giolláin, D. (2000): «Folklore and Ethnology», en N. Buttimer / C. Rynne / H. Guerin (eds.), *The Heritage of Ireland. Natural Man-Made and Cultural Heritage. Conservation and Interpretation. Business and Administration*. Cork: The Collins Press, 162-170.
- Pereiro, Xerardo (2001): «Reflexão sobre a Antropologia na Galiza de hoje», *Etnográfica* 5 (1), 175-183. DOI: <https://doi.org/10.4000/etnografica.2803>
- Pereiro, Xerardo / Manuel Vilar (2008): «Ethnographic museums and essentialist representations of Galician identity», *International Journal of Iberian Studies* 21 (2), 87-108.
- Pereiro, Xerardo / Santiago Prado Conde (2021): *Patrimonio etnológico: visiones antropológicas*. Madrid: Editorial Síntesis.
- Roigé, Xavier (2007): «Museos etnolóxicos entre la crisis y la redefinición», *QuAderns-e. Institut Català d'Antropologia* 9. <https://www.antropologia.cat/antiga/quaderns-e/09/Roige.htm> [consultado o 15/09/2025].
- Segalen, Martine (2001): «Anthropolgy at Home and in the Museum: the case of the Musée National des Arts et Traditions Populaires in Paris», en M. Bouquet (ed.), *Academic Anthropology and the Museum. Back to the Future*. Oxford: Berghahn Books, 76-91.
- Sierra Rodríguez, X. C. (2014): «El museo etnográfico: su prolongada adaptación a la crisis. Experiencias en Galicia», en I. Arrieta Urtizberea (ed.), *Reinventando los museos*. Bilbao: Universidad del País Vasco, 107-146.
- Sierra Rodríguez, X. C. (2015): «Imágenes y representaciones culturales en los museos de Galicia», *Revista Andaluza de Antropología* 9, 16-51. <https://dx.doi.org/10.12795/RAA.2015.i09.02>

- Sierra Rodríguez, X. C. (2019): «A patrimonialización e a musealización dos bens etnográficos en Galicia. pasado, presente e porvir», *Boletín da Real Academia Galega* 380, 199-221. DOI: <https://doi.org/10.32766/brag.380.768>
- Stocking, G. W. (1985): *Objects and Others. Essays on Museums and Material Culture*. Madison: The University of Wisconsin Press.
- Vilar Álvarez, Manuel (2004): *Dicionario Xaquín Lorenzo "Xocas"*. Santa Comba: tresCtres Editores.
- Vilar Álvarez, Manuel (2023): «Museos e Antropoloxía: un longo camiño de volta á casa», *Agora. Papeles de Filosofía* 42(1). DOI: <https://doi.org/10.15304/agora.42.1.8174>